



Lugo, 17 de outubro de 2012. ADEGA vén de presentar **Recurso de Reforma** contra o [Auto do Xulgado de Instrución nº 1](#)

de Mondoñedo decretando o sobresemento da denuncia penal contra o Alcalde de Barreiros Alfonso Fuente, a Comisión de Goberno do Concello e a arquitecta municipal. Marta Geadá, e pídelle á Administración de Xustiza que garanta a independencia dos xuíces contra a **intromisión do poder político**

. ADEGA advirte á Comisión de Goberno do Concello de Barreiros e á propia Xunta de Galiza, que argallou un

[fraudulento convenio](#)

para pagar con cartos públicos os incumprimentos dos promotores e tapar as ilegalidades cometidas polo concello, que poñerá todo o seu esforzo e empeño en que estas actuacións non queden impunes.

O 17 de novembro do 2009, o Ministerio fiscal, a través do Fiscal Xefe da Fiscalía de Lugo, D. Javier Ozores Rey, despois de describir as **ilegalidades urbanísticas en 44 das licenzas outorgadas no concello de Barreiros** a partir do ano 2006 presenta denuncia no Xulgado de Mondoñedo contra da Arquitecta Municipal; Dña Marta Geadá, e contra do Comisión de Goberno do Concello de Ribadeo por un presunto delito contra a ordenación do territorio e presunta prevaricación urbanística na emisión dos informes urbanísticos por parte da Arquitecta Municipal e na posterior concesión de licenzas por parte da Comisión de Goberno.

O pasado 2 de outubro, case tres anos despois, o xuíz do Xulgado de Instrución nº 1 de Mondoñedo, D. Manuel Castro Calvo (á fronte deste Xulgado de Instrución dende xuño do 2011) decretaba o **sobresemento provisional** da causa a través dun auto que, -nun expediente de miles de folios, con ducias de persoas chamadas a declarar-, non pode menos que alarmarnos a todas e a todos pola súa brevidade e pola súa falta de argumentación.

Dende ADEGA, como parte persoada nesta causa, vense de presentar **RECURSO DE REFORMA** contra este AUTO con base nos seguintes argumentos:

-Por **indefensión**, ao non podermos coñecer, a través do Auto de sobresemento, as razóns polas que para o Xuíz de Instrución non “aparece debidamente xustificada la perpetración del delito”.

-Por **desmentir a afirmación do Xuíz de Instrución** en base, non xa a novas probas, senón ás mesmas que xa figuran nas dilixencias previas practicadas ata agora e que a denuncia do Ministerio Fiscal xa mencionaba na súa denuncia: a ilegalidade das licenzas outorgadas sobre parcelas que para nada podían ter a cualificación de solar ao carecer dos máis elementais servizos urbanísticos:

- en parcelas sen acceso rodado e beirarrúas en algúns casos imposible de executar sen a expropiación de propiedades particulares;
- en parcelas sen rede de saneamento algún ou cunha rede sen capacidade para a nova poboación prevista na licenza, chegando a outorgarse licenzas nas que se propoñía a construción de fosas sépticas e/ou de minidepuradoras sen sequera contar con autorización de vertido para as augas limpas;
- en parcelas sen acceso a unha rede de abastecemento de auga potable, sen acceso á rede de subministro eléctrico e de alumeadado público e/ou sen acceso a unha rede de telecomunicacións;

E, ademais, outorgándose licenzas:

- con exceso de edificabilidade en altura: permitindo sotos completamente sobre a rasante do terreo e/ou a transformación dos áticos nunha planta máis con ventás completamente verticais;
- con exceso de superficie edificable, retranqueos insuficientes ou mesmo permitindo a ocupación de solo rústico protexido.

Todas estas ilegalidades aparecen suficientemente descritas na denuncia presentada polo Ministerio Fiscal e en calquera das licenzas denunciadas hai, para ADEGA, indicios dabondo de delito na falsidade dos informes da arquitecta municipal e na posterior concesión de licenza por parte da comisión de Goberno a pesar do informe desfavorable da Asesoría Xurídica do Concello (secretaría municipal) ou mesmo cando había denegación expresa da Dirección Xeral de Urbanismo (denuncias 42, 43 e 44 da Fiscalía).

Ante estes feitos que constan nas dilixencias previas ben documentados e probados, sorprende (e é para nós un motivo de alarma) que para o Sr. Xuíz do Xulgado de Instrución nº 1 de Mondoñedo **“non apareza debidamente xustificada a perpetración de delicto”** e que no Auto de sobresemento desta causa non haxa nen a máis mínima motivación ao respecto, ben fose negando a ilegalidade das licenzas denunciadas, ben sinalando a falta de probas, ben argumentando a non constitución de delicto.

Dende ADEGA non podemos entender que:

-Cando hai un Decreto 15/2007 de suspensión das Normas Subsidiarias do Concello de Barreiros no que se describen con detalle todas estas ilegalidades e as consecuencias que delas se derivan para a calidade de vida dos veciños de Barreiros e para as arcas municipais e da facenda pública;

-Cando no único procedemento contencioso administrativo que puido chegar ao final (porque os demais foron retirados polo este Goberno do Sr. Feijóo, dito sexa de paso sen explicar nunca xustificación xurídica algunha) se FALLA ANULANDO A LICENZA;

-Cando o propio PLAN SECTORIAL PARA A MELLORA E AMPLIACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS DE SANEAMENTO, ABASTECIMENTO E REDE VIARIA NO MUNICIPIO DE BARREIROS (presentado polo actual Goberno da Xunta para financiar con cartos de todos as obras de urbanización que tiñan que ter financiado e executado os promotores previamente á concesión de licenzas realizando, ademais, a preceptiva cesión de solo e reparto de cargas para viais, equipamento, zonas verdes, etc) constitúe a proba evidente da falta destes servizos e dotacións básicas para o outorgamento de licenzas, o Sr. Xuíz, D. Manuel Castro Calvo, en lugar de investigar outros a comisión doutros posibles delitos contra a facenda pública ou delitos de cohecho e tráfico de influencias, veña a DECRETAR que non encontra indicios de delito de prevaricación urbanística e contra a ordenación do territorio.

E, dende logo, dende ADEGA non queremos pensar que este AUTO de SOBRESEMENTO poda ter **motivacións alleas ás da necesaria e imprescindible independencia xudicial**. Calquera pode entender que, a nivel político, neste proceso xudicial xógase moito máis que a inculpación da arquitecta municipal ou da Comisión de Goberno do Concello de Barreiros:

-Xóganse os intereses económicos de Bancos e Caixas de Aforros que anticiparon os cartos para esta irracional explosión urbanística no concello de Barreiros,

-Xógase o futuro do Plan Sectorial promovido polo Goberno da Xunta, porque vai ser difícil xustificar tal Plan Sectorial financiado con cartos de todos (nun momento de austeridade orzamentaria) para unhas obras de urbanización ilegais;

-E xógase, en fín, a credibilidade na ética dun partido político e dun presidente da Xunta que para salvar os intereses dos promotores, dos bancos e de Caixa Galicia non tiveron escrúpulos en acusar de persecución política tanto ao anterior goberno bipartito coma aos funcionarios e anteriores responsábeis da Axencia Pública para a Defensa da Legalidade Urbanística e da Dirección Xeral de Urbanismo.

Mais, se o partido do actual Goberno da Xunta se xoga os intereses económicos de promotores, bancos e Caixas de Aforro, os cidadáns xogámonos algo absolutamente imprescindible en calquera democracia. Xogámonos que **as leis sexan de aplicación para todos por igual**, a propia validez da legalidade, a independencia xudicial e a igualdade de trato ante a Administración de Xustiza.